Consideracións UGT Galicia

Ditame CES GALICIA ao Anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Dende UGT Galicia solicitamos que se xustifique convenientemente o recurso á tramitación pola vía de urxencia deste ditame. Mais aínda se temos en conta que a andadura pública desta lei ten a súa orixe no trámite de audiencia no portal de transparencia da Xunta de Galicia (no mes de xullo de 2019), no Consello Galego de Benestar, deixando ao CES nun papel secundario e con menor oportunidade de poder incidir na mellora deste anteproxecto.

Dende UGT Galicia compartimos a necesidade e a oportunidade desta normativa, xa que nos atopamos nun momento crítico en termos demográficos, mais no anteproxecto presentado abundan meras declaración de intencións, compromisos moi xenéricos, desvirtuándose o alcance real que tería que ter esta lei, avanzar de xeito significativo no impulso demográfico de Galicia, perdendo a oportunidade de dar resposta efectiva ás intencións que reflicte na súa exposición de motivos e no artigo 1.2. ao sinalar que un dos obxectivos e finalidades desta lei e o establecemento de principios, liñas de actuación e conxunto de medidas.

Ese conxunto de medidas anteriormente citado se desenvolve en poucos casos concretos ao longo do anteproxecto, polo que se observa un claro desequilibrio entre as medidas.

Para UGT Galicia esta lei deixa totalmente de lado un dos aspectos fundamentais para poñer freo a grave crise demográfica, que é a mellora das políticas económicas e sociais, un emprego estable e de calidade é sen dúbida a clave para que Galicia poida superar, ou alomenos, mitigar a forte perda poboacional. De feito, o desenvolvemento neste anteproxecto de lei de liñas de actuación e medidas en materia de políticas activas de emprego son moi escasas.

En termos orzamentarios os novos recursos que se van a destinar para o desenvolvemento desta lei segundo a memoria económica son insuficientes, xa que as novas actuacións ascenden a 120,4 millóns de euros para o período 2020-2023, representan o 3,86% do total de recursos dedicados na actualidade ás políticas activas de impulso demográfico. Escasa incidencia deste gasto sobre a actual política demográfica.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 1. Obxecto e finalidade da lei

O obxecto da lei e establecer os fundamentos, os principios e liñas de actuación e conxunto de medidas. Notamos en falta un conxunto de medias de maneira equilibrada en todas as areas, xa que tan so hai medidas nunha parte moi reducida.

Artigo 23.Sensibilización social en materia demográfica

No apartado 23.2. Se establece que a administración autonómica informará periodicamente á poboación no Diario Oficial de Galicia do saldo vexetativo de cada concello de Galicia, esta información actualmente está sendo difundida polo IGE na súa paxina web, polo consideramos que xa é suficiente ca difusión polo organismo estatístico.

Artigo 24. Formación no ámbito educativo.

Neste apartado botamos en falta unha maior concreción dos contidos formativos, xa que non se especifican. Un exemplo dos contidos serían a corresponsabilidade, a conciliación, a igualdade real, a inclusión da inmigración, en todo caso é unha vaguidade mais que fai que este anteproxecto sexa pouco garantista.

Artigo 27 . Políticas activas de emprego

Para nós, o pilar fundamental da demografía é o emprego de calidade polo que este apartado debera estar máis desenvolvido en diferentes materias tales como colectivos e medidas.

Nos colectivos a apoiar faltan as persoas desempregadas de longa duración.

Non se especifican practicamente medidas que non se estean realizando na actualidade, polo que demandamos maior concreción neste ámbito.

Artigo 48. Atención das necesidades puntuais de conciliación

No punto 2 establécese a promoción de voluntariado para apoios esporádicos no domicilio co fin de coidado de nenos e nenas, o que nos fai dubidar se para unha mellor garantía de calidade no servizo debería fomentarse que se realizara vía emprego.

No punto 3 establécese que a administración apoiará as familias no uso de servizos de atención ás persoas dependentes ou con discapacidade no domicilio nos supostos de carácter puntual, é preciso unha maior concreción desta medida.

Artigo 65. Mellora do saldo migratorio e das taxas de poboación activa

No punto 3 establécese que se promoverán as condicións socioeconómicas necesarias para a atracción de nova poboación. Se deben recoller medidas neste apartado pois do contrario o contido é totalmente insuficiente por ser totalmente xeral.

Artigo 66. Estímulos das actividades económicas.

Ao igual que no artigo anterior resulta pouco clarificador o contido referido a que a administración desenvolverá medidas específicas destinadas a atraer o talento e a incentivar o investimento produtivo, sen concretar en que consisten eses estímulos .

Artigo 71. Mercado laboral

No punto 1 debera de fixarse con que periodicidade se realizará a identificación das necesidades que presenta o mercado laboral galego.

Artigo 77. Accesibilidade dos servizos públicos

Este aspecto é fundamental para a fixación de poboación nas zonas pouco poboadas, polo que ten que ampliarse as medidas relativas ao trasporte público nestas zonas.